

(FCG/af)

**DECRETO:** Ourense, 23 de xaneiro de 2018

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF–, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

**DÍA:** venres, 26 de xaneiro de 2018.  
**HORA:** 10.00 horas en primeira convocatoria\*.  
**LUGAR:** Salón de sesións do Pazo Provincial.

\*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

**ORDE DO DÍA**

**Apartado resolutivo:**

- 1.- Acta anterior correspondente á ordinaria do día 22 de decembro de 2017.
- 2.- Proposición da Presidencia sobre prórroga do prazo de presentación de adhesións ao Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade 2018.
- 3.- Proposición da Presidencia sobre prórroga do prazo de presentación de adhesións ao Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de mocidade 2018.
- 4.- Moción de Democracia Ourensana relativa á posta en valor da Ponte Nova de Ourense no centenario da súa inauguración.
- 5.- Moción do Grupo Socialista sobre a adopción de medidas para facerlle fronte á praga de avespa velutina na provincia de Ourense.
- 6.- Moción do Grupo Socialista sobre a implantación do servizo de Hemodinámica 24 horas no CHUO.
- 7.- Moción do BNG a respecto da situación provocada polo colapso en urxencias do CHUO.
- 8.- Mocións de urxencia.

**Apartado de control e fiscalización do goberno provincial**

- 9.- Dación de conta das seguintes relacións de decretos:
  - Presidencia: mes de decembro de 2017 e dos seguintes adicionais: 2º de outubro e 1 de novembro de 2017.
  - Deputado delegado de Facenda: mes de decembro de 2017 e dos seguintes adicionais: 4º de xullo, 3º de setembro, 2º de outubro e 1º de novembro de 2017.
  - Deputado delegado de Administración Provincial: mes de decembro de 2017.
  - Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de decembro de 2017 e 1º adicional de novembro de 2017.
- 10.- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,